



EXTERNALIZACION

**GESTION
INTEGRAL
INTERNACIONAL**

**LICITACION
PUBLICA**

OFERTA GESTION INTEGRAL DE LICITACION:

**REHABILITACIÓN DE LAS CASAS Nº 1, 3 Y 5 DE R / MARQUÉS
DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMIENTO
SOCIOCULTURAL. CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA**

LICITI GESTIÓN INTEGRAL S.L.

PROYECTO GESTION INTEGRAL DE LICITACION

Presupuesto	13 de junio de 2018
Licitación	REHABILITACIÓN DE LAS CASAS Nº 1, 3 Y 5 DE R / MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMIENTO SOCIOCULTURAL. CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA
Importe	2.148.760,33 €
Entidad Contratante	Concello de A Illa de Arousa
Fecha de Presentación	09/07/2018
Clasificación	K-7-4

1.- Reunión de inicio:

- Aceptación del presupuesto, firma del contrato, nombramiento de interlocutor de la empresa.
- Trasvase documental a LICITI
- Asignación de equipo gestor del proyecto LICITI.
-

2.- Visita a Obra y consultas

- Visita y toma de datos a la ubicación del proyecto.
- Contacto e identificación de la mesa de contratación si procede.
- Consultas sobre pliegos

3.- Desarrollo documental de la licitación

- Coordinación con interlocutor de la empresa
- Elaboración de la documentación Técnica.

DETALLE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

13.1.1.- Memoria constructiva, ata un máximo de 40 puntos.

Comprende o equipo técnico a empregar na execución da obra, o seu curriculum, experiencia en obras similares, prazos, programa de execución e melloras na cantidade global das obras proxectadas ou dalgunha das súas unidades, e/ou redución do prazo de execución.

Valorarase o coñecemento do proxecto e do terreo onde será executada a obra, debéndose explicar a metodoloxía, así como das provisións a empregar, e dos medios materiais e humanos que se compromete a adscribir.

Os licitadores presentarán un programa de execución da obra que contemple os prazos parciais, debendo existir unha coherencia entre a planificación e os medios adscritos.

Nota importante: Na documentación que se presente no sobre B, e en especial neste apartado, non poderase incluír ningún dato que permita intuír a proposta económica ofertada polo licitador.

Toda referencia económica en relación co programa de traballo e a súa execución por anualidades, no seu caso, presentarase única e exclusivamente no sobre C.

O incumprimento deste precepto acarreará a exclusión da oferta no proceso de licitación.

En relación cas melloras na cantidade global deberase detallar e presentar unha memoria valorada, na que non se terán en conta os gastos xerais, o beneficio industrial,

nin o IVE, e na que se indiquen as razóns que xustifiquen esta oferta.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre a execución das melloras, reservándose o dereito a poder variar as mesmas en beneficio do interese público, e sempre que poida superar o valor económico das ofertadas.

Pódese ofertar como melloras unha redución no prazo de execución da obra, debéndose xustificar adecuadamente as circunstancias ou solucións técnicas que permitan a mesma.

Os técnicos, en base a documentación, decidirán sobre a viabilidade ou non desta redución, reservándose o dereito de non valorala cando o consideren de imposible cumprimento.

13.1.2.- Memoria de seguridade e saúde, ata un máximo de 5 puntos.

1.- Definición da problemática principal en relación ca seguridade e saúde dos traballos.

Descríbanse as actividades de maior problemática na súa execución en relación ca seguridade e saúde, e defíniranse as actuacións preventivas a desenvolver a través de procedementos constructivos que integren a prevención de riscos laborais en cada un dos pasos a seguir na execución da correspondente unidade de obra.

2.- Análise da organización preventiva e o sistema de xestión da prevención a desenvolver na obra.

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, cal vai a ser o sistema de xestión de prevención de riscos laborais a aplicar na obra, debendo especificar os medios de de xaneiro, de coordinación de actividades empresariais, así como a forma en que se vai realizar a información de riscos e medidas preventivas ós traballadores na obra, a supervisión das avaliacións de riscos e medidas preventivas específicas para a obra a presentar por cada un dos subcontratistas intervinientes, etc. Así mesmo, presentarase o sistema de selección de empresas subcontratistas en relación con aspectos a considerar en materia de prevención de riscos laborais.

3.- Análise das actividades de especial perigosidade a desenvolver na obra (Anexo I do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción).

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, a descrición das actividades de especial perigosidade a executar na obra, así como a designación dos recursos preventivos para realizar a supervisión e control permanente en obra dos citados traballos. Verificarase que as persoas asignadas reúnan os coñecementos, cualificación e experiencia necesarias, así como que contén ca formación mínima de nivel básico en prevención de riscos laborais, todo iso de acordo co establecido na Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

4.- Análise da proposta de información e estudo dos índices de siniestralidade da obra.

Neste apartado analizarase a proposta de presentación dos distintos índices de siniestralidade, así como a súa análise en comparación cos do sector da construción. Así memso presentarase as propostas de estudo dos accidentes acaecidos na obra.

5.- Relación de maquinaria, ferramentas e medios auxiliares a utilizar na obra.

Neste apartado solicitarase a documentación acreditativa de que toda a maquinaria e ferramentas auxiliares cumpren a normativa vixente en materia de seguridade e saúde,

e as revisións e mantementos de cada unha das máquinas xunto co protocolo de seguimento destas revisións e mantementos. Tamén se incluírán os documentos de autorización de uso de cada máquina ou equipo de traballo, cos nomes dos traballadores autorizados para o seu uso.

6.- Documentación acreditativa da formación, información e entrega de EPI´s.

Presentarase proposta de como realizar a formación dos traballadores en obra, así como de información dos riscos a que están sometidos nas mesma. Reflectirase o sistema de revisión e seguimento dos mencionados aspectos de formación e información. Presentarase o protocolo de entrega dos equipos de protección individual, da súa correcta utilización, mantemento, e sobre os riscos dos que o protexen, así como se definirá como se verificará a utilización dos mesmos por parte dos traballadores.

7.- Relación de proteccións colectivas a empregar na obra.

Presentaranse as proteccións colectivas necesarias a utilizar na obra, determinando como se definirá a súa necesidade e como se verificará a súa correcta utilización, estado e reposición.

13.1.3.- Programa de actuacións medioambientais, ata un máximo de 5 puntos.

Para este Programa valoraranse as propostas de medidas de xestión medioambiental e dos produtos a utilizar na obra, con inclusión dos certificados e demais documentos acreditativos destes requirimentos. Especialmente cualificarase a precisión na identificación de unidades de obra que poidan xerar impactos, a dispoñibilidade de instrucións de traballo, a organización física da obra, a localización de vertedoiros, a identificación de requirimentos legais e os sistemas de boa xestión medioambiental propostos.

As medidas medioambientais valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Se a execución da obra se realizará nun marco de xestión medioambiental de acordo ó regulamento comunitario CEE 1836/1993, ou ben ás normas internacionais ISO (serie 15014000) europeas EN ou españolas UNE (77/801-94 e 77/802-44).

b) Se os materiais que utilizará o licitador proveñen dun proceso de reciclado ou reutilización en máis dun 50%, conforme a certificación emitida por un laboratorio ou organización que non forme parte do mesmo grupo de empresas ó que pertenza a ofertante.

Estes materiais deberán cumprir as especificacións técnicas do proxecto, así como o prego de prescricións técnicas e calquera outra norma técnica de obrigado cumprimento.

c) Se os materiais que utilizará o licitador son reutilizables ou teñen un grao de reciclabilidade superior ó 50%, conforme a certificación emitida por un laboratorio ou organización que non forme parte do mesmo grupo de empresas ó que pertenza a ofertante.

Estes materiais deberán cumprir as especificacións técnicas do proxecto, así como o prego de prescricións técnicas e calquera outra norma técnica de obrigado cumprimento.

d) Se na execución da obra se contempla algunha das seguintes medidas: xestión ambiental de terras e materiais de obra, restauración paisaxística; redución na xeración de residuos; diminución da contaminación por verquidos, acústica, atmosférica ou do chan; redución do impacto visual, cultural ou sociolóxico; limitación de impacto sobre

fauna e flora local; disminución do uso de combustibles fósiles ou utilización de enerxías renovables.

4.- Presentación

- Presentación de la licitación en formato Digital

5.- Seguimiento y apertura

- Seguimiento de la licitación y apertura de plicas
- Interpretación del resultado, asesoramiento en incidencias o reclamaciones

PRESUPUESTO

Honorario mínimo	2.800 €
Bonificación por Éxito	2.800 €

Notas:

- 1 -Forma de pago: Transferencia Bancaria
- 2 - Forma de pago: Honorario mínimo:
 - 50% a la aceptación del presupuesto con la entrega del contrato de servicios
 - 50% a la revisión y entrega de la documentación.
- 3 -Forma de pago: Honorario a éxito: A la comunicación de la adjudicación
- 4 -La firma del contrato de servicios incluye clausulas estrictas de confidencialidad sobre los documentos que la empresa facilite a LICITI.
- 5- Impuestos no incluidos.
- 6- Los gastos derivados de los desplazamientos fuera de la Península, no están incluidos en los honorarios

12 de junio de 2018



Fdo: Jose Orellana Encinas
LICITI S.L.U

CONFORME CLIENTE